

A AVALIACIÓN NA AULA VIRTUAL.

Moitos dos conceptos referidos as ferramentas de avaliación na Aula Virtual son áridos. Falar só teoricamente de escalas de valoración e a súa conversión a valores numéricos ou dos diferentes métodos de cálculo da media que ofrece o sistema parece un camiño escarpado. Imos utilizar este propio curso de Moodle para exemplificar e analizar as diferentes caras do poliédrico proceso de avaliación en Moodle.

Teremos, coma sempre, que matricular alumnado e profesorado.

ALUMNADO

Neste curso están matriculados catro “alumnos fantasmas” que realizarán as actividades propostas. Poderemos ver así, na práctica, o proceso de administración da avaliación en Moodle.

O noso alumnado esta agrupado Maxenta e amarelo forman o grupo “quente” Pantasma Verde e Pantasma Ciano están no grupo “frío” En algunhas das actividades “traballarán en grupo mentres que noutros



PROFESORADO

Tres fases. Na primeira fase imos utilizar os 2 roles de profesorado que veñen definidos na aula virtual e tamén o de alumnado de curso.

PRIMEIRA FASE: PROFESORADO NON EDITOR

Nun curso da aula virtual poden participar profesorado que realiza a o papel de titor/a e o seguimento do alumnado, a corrección e avaliación de probas pero non participa no deseño do curso, in das actividades.



Cando participamos nunha actividade de formación en PLATEGA ou na aula virtual do CAFI o profesorado que imparte o curso normalmente está situado neste rol xa que o deseño das actividades foi , case que sempre, feito por outras persoas diferentes.

As e os que participades no seminario E-Dixgal inicialmente seremos "profesores non editores", neste caso seriamos observadores non participantes.

SEGUNDA FASE: ALUMNADO.

Se así o acordamos asumiremos a rol de alumnos e podaremos "manipular" cada elemento desde este punto de vista para comprender en maior medida as ferramentas.



TERCEIRA FASE: PROFESORADO CREADOR DO CURSO.



Nesta terceira fase somos o profesorado creador do curso e podemos observar e modificar todos os elementos.

Quede dito desde o principio: do curso hai copia de seguridade polo que podemos "estragar" sen causar mal.

FORMATO DO CURSO

O deseño do curso é simple, parte dun único tema principal, a avaliación, que subdividiremos en tres aspectos principais e dous anexos.

1. As actividades.
 - 1.1. Auto avaliables
 - a) Actividades propias da aula virtual
 - b) Actividades externas
 - 1.2. Actividades da aula virtual que corrixe e avalía o profesorado
 - a) As rúbricas
 - b) As guías de corrección
 - c) Avaliación directa
 - 1.3. Actividades externas non incluídas na aula virtual.
 - a) Importar cualificacións externas
2. Poñer nota.
 - 2.1. Escalas numéricas
 - 2.2. Escalas non numéricas
 - a) Escalas estándar.
 - b) Escalas personalizadas.
 - Valor numérico das escalas.
3. O libro de cualificacións
 - 3.1. Crear categorías
 - 3.2. Ordenar valores
 - 3.3. Vistas do profesorado, vistas do alumnado
 - 3.4. Como fai Moodle as contas?
 - 3.5. Exportar.
4. Competencias (resultados)
5. As insignias.(gamificación)

